

## CATALUNYA: Á VANGARDA DA EDUCACIÓN

Hai xa tres décadas, estando en Barcelona e na casa de Jaime Carbonell, mostroume este unha breve monografía histórica sobre a historia escolar catalana durante o primeiro tercio ou un chisco máis do século XX que se titulaba exactamente así, pero en catalán. Unha peza tras doutra, unha monografía de investigación histórica por riba da outra dende aquela e ata o presente viñeron, en efecto, dar conta de aquel desenvolvemento escolar e pedagógico vivido en Cataluña, entre medias de deficiencias diversas que tamén as había. Hoxe, o panorama da historiografía escolar catalana é, así, brillante e, alén da seriedade e do rigor no estudo, hai tamén algún interese crítico e intelixente pola plasmación editorial cuidada e atractiva tamén a vista; para que a lectura entre polos ollos, coa convicción de que a memoria é necesaria para dar fortaleza á construción colectiva e democrática do presente. Nesta produción académica e editorial veñen participando diversas persoas e institucións; entre as persoas, imos citar dous nomes necesarios, Josep González Agapito e Salomó Marqués Sureda; entre as institucións, a propia Generalitat.

Sirvan estes antecedentes para nos referir agora a tres libros sobre o profesorado da República en Cataluña e o renacemento da renovación pedagóxica durante o franquismo, elaborados por Raimon Portell e Salomó Marqués; libros de

expléndida materia histórica, de cuidadísima presentación édita e de alta difusión, rompendo os muros “invisibles” dos textos elaborados no interior das comunidades universitarias<sup>1</sup>

Case 200 páxinas para falarnos das realidades e dos proxectos, das experiencias e das iniciativas políticas emprendidas no tempo da IIª República e do goberno da Generalitat, nunha Cataluña na que se editan novos libros de texto construídos en catalán, onde se celebran Escolas d’Estiu, onde se emprenden medidas para a cualificación da acción educativa; unha Cataluña que acolle a Montessori, que recibe a Decroly, a Freinet,...; unha terra con múltiples iniciativas de renovación dende o comezo do século e antes, entre *noucentisme* e racionalismo ferrerista, con experiencias socialistas, cos *batecs* freinetistas, co Patronato escolar barcelonés, con profesores e investigadores coñecedores da pedagogía experimental internacional e participantes no movemento internacional da Escola Nova...; unha vangarda paralizada polo nacional-catolicismo a partir de 1939. Fermosas páxinas de texto. E extraordinarias páxinas no libro de imaxes.

Na terceira e máis recente das obras reconstrúense algunhas das máis tristes páxinas vividas polos ensinantes exilados e logo internados nos campos de concentración en Francia, antes de pasar revista á escola nacional-católica en Cataluña durante os anos de ferro de franquismo, con escolas de miseria e depuración, ás veces sorteadas polos “petits mira-

<sup>1</sup> PORTELL, R., MARQUÉS, S., *Els mestres de la República*, Badalona, Ara Llibres, 2006; *Els mestres de la República en imatges*, Badalona, Ara Llibres, 2007; *Mare de Déu, quina escola! Els mestres contra Franco*, Ara Llibres, 2008.

cles”(pp. 95-98), para dar paso e recoñecemento a Artur Martorell, Alexandre e Jordi Galí, M<sup>a</sup> Teresa Codina, M<sup>a</sup> Antonia Canals, Marta Mata, Enric Lluch, Rosa Sensat, Cavall Fort, Abacus, e tanta cousa que foi nacendo: editoriais, xorna-

das, publicacións...,ata ir asentando os piares da renovación pedagóxica dos pasados anos setenta.

*Antón Costa Rico*

## CLASES POPULARES E CULTURA ESCOLAR

Ese é o título do relatório presentado polo noso compañeiro Narciso de Gabriel nun ciclo de conferencias celebrado no 2006 en El Puerto de Santa María e publicadas en libro no 2007 baixo a denominación de *La escuela y sus escenarios*. Título interesantísimo de por si o da conferencia de Narciso. Porque abre o abano de discusión epistemolóxica sobre o que hoxe podemos entender por *popular* no noso país, no primeiro mundo e no terceiro mundo –mundos distintos, separados por outros mundos- e pon sobre a táboa o tema tan de moda entre os historiadores da educación -¡do primeiro mundo!- da historia *cultural* da educación.

Pero, que é iso de historia *cultural* da educación? Sen dúbida pódese e débese falar da *cultura escolar* ou da *cultura educativa*, pero eu non lle vexo sentido a falar dunha historia *cultural* da educación. A historia *social* da educación si o ten hoxe. Trátase da historia que deberán ter sempre en conta os futuros educadores e educadoras sociais se queren estar na vangarda da súa profesión, como diría Albert Einstein. Pero o de historia *cultural* para disfrazar a historia *social* da educación, tan “de moda” ata hai pouco tempo, non me

cadra. O que sempre, o que sempre cumpríu e cumprirá é falar de historia *total* ou *global* da educación, como diría o mestre de historiadores Pierre Vilar. Historia da educación, historia do ensino, historia da escola *tout court* e sen máis. Sexamos serios e deixémonos de pedanterías e de mercadotecnia.

Porque pura pedantería e mala mercadotecnia son algúns dos traballos que aparecen nese libro-resumo-actas-papeis do Puerto de Santa María. En vez de constatar por onde andan as investigacións dos demais, os historiadores deberían reparar máis en comprobar cara onde camiña a educación, a escola e o mundo. Deberían coller o touro polos cornos e denunciar aos inimigos visibles e tamén aos inimigos embozados da educación e da escola. E, consecuentemente, deberían deixar de contemplarse o embigo dunha vez por todas.

Pero algunha cousa española, italiana e portuguesa si que hai nese libro do Puerto. Ademais, naturalmente, do estupendo traballo de Narciso, que fala con moita intención de *clases populares* e de *cultura popular*.

H.B.

**LLORCA Y GARCÍA, A., *Comunidades Familiares de Educación. Un modelo de renovación pedagógica en la Guerra Civil, con estudio introductorio de M<sup>a</sup> M. del Pozo; Octaedro, Barcelona, 211 pp.***

Ángel Llorca foi, sen dúbida, unha das figuras máis representativas entre o profesorado primario español do tempo da II<sup>a</sup> República. Alicantino, nado en 1866, e logo de comezar o seu exercicio docente en 1889 e de cursar o Grao Superior e Normal na Escola Normal Central de Mestres en Madrid, en 1913, pasou a ser en 1916 profesor –e ben pronto o Director– do novo Colexio Graduado Cervantes, que será convertido baixo a súa batuta nunha das mellores manifestacións do ideario e das metodoloxías da Escola Nova. Ángel Llorca que é, de partida, sobre todo un rexeneracionista costista, irá sentindo aos poucos as influencias da ILE e de Cossío, da Liga de Educación Política impulsada por Ortega, e asumindo tamén posicións escolanovistas e outras de orientación socialista, ao longo dun exercicio que no Cervantes chegou a 1936, cando colleu o retiro. O Cervantes foi, por veces, un centro experimental, un centro-modelo sempre, e igualmente un centro de formación teórico-práctico de profesores, como expón con rigor a profesora M<sup>a</sup> del Mar del Pozo no seu texto “Las fundaciones de Ángel Llorca” (pp. 15-152), como antecedente do propio texto de Llorca “Comunidades Familiares de Educación” (pp. 153-210). Llorca, nos anos 1921 e 1922 viaxa por Europa para coñecer experiencias pedagóxicas de Francia, Bélxica e Suiza; no 1924 participa no Congreso de Educación Obreira de Oxford; no 1925, no Congreso das Escolas Novas de Heidelberg; escribe na *Revista de Pedagogía*, en *La Escuela Moderna*, en *El Socialista*, en *El Sol*, en

*Escuelas de España*, e mesmo vai adquirindo unha apreciable sona, que se traduce nas cada vez máis frecuentes visitas de profesores ao Cervantes, a través de cursos de formación, ou para comprobación de cómo alí vive unha Escola Nova pública, de modo innovador e modélico, como tamén é o caso complementario do colexio “Príncipe de Asturias”; Sluys, Bovet e Claparède, entre outros, acudiron a visitar o centro.

En xullo de 1936 viña a xubilación para Llorca, pero o inicio da Guerra Civil modificou esta circunstancia, ao encomendárse-lle a organización dunha residencia infantil –con internado– no Cervantes; unha experiencia que en decembro emigra a Valencia, para recalar finalmente en El Perelló, onde Llorca puxo en marcha un considerable ensaio de colonias escolares, por el chamadas Comunidades Familiares de Educación, nas que se sentían referencias ao método de proxectos, ao Plan Dalton, ao *self-government*, e sobre as que falou en 1937 en Xenebra, na IV Conferencia Internacional de Instrución Pública, como representante gubernamental republicano, e sobre as que escribiu o documento que aquí se edita; un documento, onde se presentan as finalidades, o modo de organización e as súas perspectivas educativas.

Entre o profesorado do Cervantes, cooptado desde a dirección, estiveron tamén as profesoras ligadas a Galicia Regina Lago e Justa Freire. Ángel Llorca, que morrería en 1942, aínda foi sometido a proceso de depuración en 1940, a pesar de estar xubilado, facendo notar o seu explícito ideario republicano.

Antón Costa Rico

**NOVAS REFERENCIAS DO BRASIL**

**LEVY BENCOSTTA, M. (Org.), *Culturas escolares, saberes e prácticas educativas. Itinerarios históricos, Cortéz, Sao Paulo, 2007, ISBN: 978-85-249-1245-0.***

Un texto que, con prefacio da profesora Diana G. Vidal, reúne as conferencias presentadas no “II Seminario de Pesquisa sobre cultura escolar; perspectivas históricas”, celebrado no Paraná en 2005. Os textos, que toman en consideración a conceptualización de D. Julia sobre a “cultura escolar”, a perspectiva de “campo” de Bourdieu, e o concepto de “apropiación” (Certeau), afrontan o debate epistemolóxico que todo o anterior suscita, arredor de cinco vertentes examinadas (a lectura e a escrita, a arquitectura escolar, a cultura material, os suxeitos e a organización curricular), poñendo de relevo, en particular, o hiato entre os patróns prescritos e os usos manifestados, o que evidencia a complexidade da relación entre os obxectos culturais e os seus usos.

Faise isto a través dun percorrido de 15 aportacións, arredor das que faremos algunhas mencións: Marta Chagas de Carvalho analiza contidos e usos da Biblioteca Pedagóxica Francesa chegada á Escola Normal de São Paulo en 1882, e que será a célula inicial da biblioteca deste centro; outra das aportacións, escolle a *Revista do Ensino* de Río Grande do Sul e estuda a iconografía da cultura escolar, a través das capas e contracapas da publicación (un arquivo de memoria de prácticas educativas), deixando entrever fragmentos de prácticas e saberes; analízanse cadernos de profesores de planificación de clases; Levy

Bencostta estuda a pegada deixada en São Paulo por arquitectos escolares con formación internacional; Rosa Fátima co seu balance histórico da cultura material escolar examina e da significado a distintos artefatos materiais incorporados polas escolas ao longo do tempo, ao servizo da racionalización do ensino; Luciano Mendes repara nos sentidos e significados da escolarización, abrindo unha reflexión sobre esta cuestión na historiografía educativa brasileira, advertindo contra o abuso dos lugares comúns e contra a “importación” simplista da “historia cultural” francesa; Gondra introdúcese na constitución histórica e cultural, e non só biolóxica, das idades e períodos da infancia; Helena Pimenta repara no ollar e nos dispositivos médicos para producir un coñecemento científico sobre a infancia no Brasil; Taborda de Oliveira revisa algunhas das prácticas escolares primarias que permitiron a consolidación das concretas disciplinas escolares; Tesa Valdemarín traça un programa de investigación sobre os manuais didácticos desde o concepto de “cultura escolar”; introdúcense as entrevistas a profesores como posibilidade de investigación sobre a historia das disciplinas escolares; revísase o discurso de Dewey; e Clarice Nunes analiza o impacto e a relevancia da autoría feminina na construción da contemporaneidade pedagóxica brasileira.

Un conxunto de perspectivas de análise que permiten comprender máis axustadamente as relacións que a escola establece coa sociedade, e as formas como elas institúen o seu funcionamento.

*Antón Costa*

---

**GONÇALVES VIDAL, D., *Culturas escolares. Estudo sobre praticas de leitura e escrita na escola pública primaria (Brasil e França, final do século XIX)*, Autores Associados, Campinas, 2005; ISBN: 85-7496-131-0.**

---

Tres ensaios ben delimitados e interconectados compoñen esta monografía arredor da cultura e das prácticas escolares; unha reflexión epistemolóxica arredor de varias categorías moi ligadas á orientación da historia cultural do social, que son parcialmente retomadas nos dous ensaios posteriores, para poder dar intelixibilidade aos contidos de varios concretos feitos relacionados coa educación brasileira; esta é a proposta e o exercicio historiográfico que con lucidez desenvolve aquí a historiadora brasileira Diana Gonçalves.

O primeiro dos ensaios aborda, sobre todo, a construción e as posibilidades da categoría “cultura/s escolar/es”, traendo a escea a autores franceses, aos españois Escolano e Viñao, e a varios portugueses, e mesmo a elaboración, ou parcial reelaboración brasileira. De modo similar, tamén as categorías “prácticas escolares”, “forma escolar”, “gramática escolar”, “estratexias e tácticas de apropiación”, “circulación de saberes” e “mediación cultural”, observadas desde a dialéctica estruturalismo-postestruturalismo, son sometidas a unha crítica observación historiográfica, ao tempo que se vai dando conta da continua elaboración propia no transcurso de varios anos de investigación, nos que a autora procurou “ir refinando o seu olhar” histórico, como pon de relevo co exercicio sobre as prácticas do ensino da escrita realizado coa investigadora arxentina Silvina Guirtz, ou con aqueloutro que permitiu distinguir dous modelos de escolarización (Río de Janeiro, São Paulo), onde se pensaría non haber distinción.

Outras calas sobre circulación de materiais, métodos, libros e persoas no campo educativo permitíronlle, igualmente, aplicar algunhas das anteriores categorías (apropiación, mediadores culturais) ás posibles influencias francesas e norteamericanas sobre a educación brasileira.

O segundo dos ensaios analiza o libro de lectura *Contos Infantís* que editado en São Paulo, foi libro de lectura por máis de trinta anos desde 1894, facendo notar que as súas autoras, mestras, se inspiraran e mesmo traduciran e adaptaran abondosas páxinas dun orixinal francés anterior. A análise deste orixinal francés e do texto brasileiro permítelle facer indagacións sobre a circulación e a apropiación dun libro escolar, percibir aspectos da cultura escolar primaria do período e evidenciar as representacións que os dous textos producen sobre a infancia e a escola.

O terceiro dos ensaios, en relación coa escrita escolar decimonómica e as súas similitudes e diferencias entre Franza e Brasil, afronta o eco dunha posible innovación, a escrita estenográfica, e como esta fracasa, fronte á escrita fonética, e os rasgos que isto presentou en cada un dos países.

*Antón Costa*

---

**GONÇALVES VIDAL, D. (Org.), *Educação e Reforma. O Río de Janeiro nos anos 1920-1930*, Argumentum, Belo Horizonte, 2008; ISBN: 978-85-98885-29-2.**

---

Este ensaio colectivo pretende conectar poder político, reformas sociais e reformas educativas no Río de Janeiro na segunda década do século XX. Fai discorrer conectadas as dúas reformas, articulando o *grande* da cidade e a *pequenez* de cada

habitante, tal como sinala na súa presentación de acento foucaultiano, José G. Gondra, desde un poder (político) que pretende ser “discreto, repartido e funcionando en rede”. Pretende, ademais, dar conta e ser un rexistro auto-avaliativo do recorrido de investigación, seguido por un grupo de investigadoras brasileiras de historia da educación fundado en 1996, o NIEPHE<sup>1</sup>, desde as súas dinámicas iniciais ata os seus máis recentes desafíos ao suxerir un programa de pesquisa asociado a iniciativas nacionais e internacionais.

Como consecuencia dos traballos do grupo, iniciado en 1996 co estudo da reforma educativa carioca impulsada por Fernando de Azevedo, a cargo de Diana Gonçalves, o NIEPHE foi perfilando o seu referencial teórico-metodolóxico, sobre a base da “historia cultural do social” e as súas máis privilexiadas categorías de análise: a cultura escolar, as prácticas escolares e as estratexias de escolarización, conformando un gran proxecto, “As múltiples estratexias de escolarización do social en São Paulo (1770-1970). Cultura e prácticas escolares”, con dúas liñas, unha sobre escolarización da infancia, e outra sobre a escolarización da adolescencia e dos adultos, para percibir mellor “como a escolarización elemental foi sendo (re)inventada no período polos varios grupos sociais, expresando diferentes arelas e exhibindo diversas tensións sociais”; un proxecto e unhas liñas de desenvolvemento que propiciaron o nacemento de foros de discusión e seminarios cos alumnos de iniciación científica, de mestrado, de doutorado e de post-doutorado, dando lugar a diversos traballos de investigación formalizados, plasmados de seguido na difusión de resulta-

dos, na disponibilización virtual de datos e documentos, na docencia e no establecemento de relacións científicas con Arxentina, con Portugal e con Galicia.

A perspectiva da “cultura escolar” (D. Julia, Chervel, e outros) fai da escola un lugar activo, deixando de ser un mero porto de chegada de normas e de recepción de innovacións, e os que nelas están convértese en actores, que se apropián de formulacións e que poden innovar, e por iso as prácticas non son aplicación de prescricións modelizadas, senón o froito de mestizaxes e de hibridacións, dando lugar a múltiples maneiras de facer escola e a distintas estratexias de escolarización.

Algunhas destas cuestións son motivo de atención de estudo nunha cidade, o Río, receptora de catro millóns de estranxeiros entre 1884 e 1939.

A acción política desempeñada pola Dirección Xeral de Instrución Pública, baixo Azevedo (1927-1930), vista a través da prensa, con atención particular aos enunciados “reformistas”; a escolarización profesional dos saberes domésticos e as representacións do feminismo; a fotografía oficial e xornalística “que constrúe imaxes da reforma querida”; o exame dos tempos escolares, das distintas representacións existentes sobre eles e das propostas de reforma que se consideran máis adecuadas, así como a cuestión da acción preventiva na infancia e das intervencións xurídicas que isto provoca, conforman algúns dos asuntos refrexados nesta monografía como exemplo da produtividade e laboriosidade dun grupo de investigación universitaria.

*Antón Costa*

<sup>1</sup> [www.usp.br/niephe](http://www.usp.br/niephe)

**LOURO FELGUEIRAS, M. (Org.), VII Congreso Luso-Brasileiro de História da Educação. Cultura Escolar, Migrações e Cidadanía, Libro de Resumos, Secção de História da Educação da Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação/ANPED (Brasil), Porto, 2008, 560 pp.**

No pasado mes de xuño celebrouse na Facultade de Ciências da Educação do Porto o VII Congreso Luso-Brasileiro de Historia da Educación, un extraordinario punto de encontro científico, con máis de 800 participantes, sendo 700 deles brasileiros, á súa vez procedentes na súa metade do sudoeste, o das maiores concentracións urbanas.

No Congreso presentáronse algo máis de 700 comunicacións, despois de ser desbotadas unhas mil máis polo Comité Científico, composto por investigadoras e investigadores das dúas bandas do Atlántico, ocupando no conxunto un forte protagonismo a cuestión dos intercambios pedagóxicos entre a Europa e o Brasil, entrevistados mediante as categorías da circulación de saberes, a cultura escolar, a apropiación, os mediadores e a mestizaxe cultural.

Para facilitar a ordenación desta intensa participación académica foron agrupados os textos presentados en torno a oito eixos temáticos:

- 1.- Circulación de ideas, discursos e modelos educativos.
- 2.- Currículo. Prácticas educativas e cotidiano escolar.
- 3.- Infancia, xénero e familia.
- 4.- Inclusión, xénero e etnia.
- 5.- Formación, identidades e profesión docente.

6.- Institucións educativas e cultura material escolar.

7.- Políticas educativas e cidadanía.

8.- Historiografía, métodos, fontes e museoloxía.

Sendo os eixos 1, 5, 6 e 2 os que contaron cun maior número de comunicacións; estas, en moitos casos, foron presentadas como “mesas coordinadas”, como unha adecuada fórmula organizativa, contando tamén o Congreso con dúas conferencias plenarias, inicial e final, que neste caso impartiu o profesor Vicente Peña, sobre os emigrantes e a creación de escolas.

Tomando constancia do importante número de portugueses que emigraron a Brasil (sobre todo do Norte), sendo portadores culturais, o eixo 1 acolleu numerosas aportacións sobre a circulación de ideas educativas. Manuais escolares, prensa e revistas, realizacións, relatos de viaxe, representacións de ideas e concepcións, imaxinarios presentes nos libros de texto, presenza de innovacións e o seu acollemento, circulación de libros escolares entre Portugal e Brasil e viceversa...

No amplo abano de asuntos atopamos diversas prácticas e cotidianos escolares tamén analizados; a cuestión de xénero e a escolarización; as imaxes e os modelos sobre a profesión docente; diversos estudos de patrimonio escolar; e mostras de loitas e de estratexias pedagóxicas populares. Sen faltar tampouco as aportacións relacionadas coa epistemoloxía e a metodoloxía da investigación histórico-educativa.

A variedade temática foi, pois, extraordinaria, e dela sinalamos algúns asuntos a sumar ao que vimos de dicir: españois e portugueses na educación libertaria brasileira, a influencia educativa xermánica no



Brasil, a Educación Nova, os protestantes e a educación brasileira, as pegadas do positivismo, a adaptación da *Sociologie et Éducation* de Durkheim para a publicación no Brasil, De Amicis no Brasil, currículos e identidades, innovacións didácticas e a súa apropiación e circulación, discursos sobre a sexualidade e a saúde infantil, narrativas de escolarización, memorias de profesores, estratexias civilizatorias, ... Un amplo escenario, pois, para presentar, sobre todo, un sorprendente e dinámico Brasil.

*Antón Costa Rico*

---

**SOARES INACIO, M., MENDES DE FARIA FILHO et alii, *Escola, Política e Cultura: a instrução elemental nos anos iniciais do império brasileiro*, Argumentum, Belo Horizonte, 2006, ISBN: 85-98885-08-8.**

---

O presente texto, resultado de investigación sobre os procesos de escolarización e sobre as representacións sociais da escola en Minas Gerais desde a óptica da historia cultural, procura demostrar a tese de que as experiencias de utilización do método lancasteriano tiveron alí un papel fundamental nos procesos de escolarización decimonómicos.

Ante a tarefa de extender a instrución, as discusións sobre os métodos de ensino figuraron entre os asuntos máis importantes na organización do ensino público. En 1826 abriu a primeira das escolas rexidas polo ensino mutuo, sendo o sistema difundido pola prensa. Esta metodoloxía conformábase como unha estratexia fundamental para a institucionalización do ensino.

O texto pasa revista, así, a actuación dos órganos administrativos da provincia

de Minas entre 1825 e 1835, analizándose tamén como a apropiación das prescricións metodolóxicas lancasterianas por parte dos profesores “contribuíron para a introdución e a consolidación dunha forma escolar de transmisión do coñecemento”. Tamén se pón de relevo como os discursos sobre a instrución pública “producen” a idea de ser a Escola Normal a única institución capaz de formar os futuros profesores.

*Antón Costa Rico*

---

**SOUZA BICCAS, M. de, *O impresso como estratexia de formación. Revista de Ensino de Minas Gerais (1925-1940)*, Argumentum, Belo Horizonte, 2008; ISBN: 978-85-98885-27-8.**

---

Cunha presentación da profesora Marta Chagas de Carvalho, o presente texto examina a *Revista do Ensino* (160 números dos 175 publicados); isto é, un impresso revisado lucidamente como obxecto cultural e como un produto de estratexias editoriais articuladas nunha situación de reforma escolar:

- 1.- Un dispositivo modelizador de prácticas de lectura,
- 2.- Unha estratexia para a formación de profesores e para a difusión de novos modelos.
- 3.- Tocantes ao impresso en si, abórdanse os aspectos relacionados coa produción, a circulación e a distribución da Revista;

Sinala a investigadora que a materialidade, tomada en consideración desde o propio formato, condiciona e ordena a percepción do lector, propóndolle modos e

procedementos para apropiarse das informacións nun sentido determinado, desde uns certos principios que “governan a orde do discurso”, e que orientan a lectura.

A publicación, recordemos editada entre 1925 e 1940, procura mesmo modelar a percepción dos lectores e instaura “visibilidades, lexibilidades e intelixibilidades”; isto é, constrúe unha produción de “sentidos lexítimos”, contribuíndo a conformar o “campo pedagóxico” (Bordieu).

Desde esta perspectiva, Marilane Biccas analiza esta Revista e o seu uso para a formación dos profesores, poñendo atención particular nas prácticas de lectura que foran prescritas e incentivadas polos editores (a Administración), o que retraduce, a ollos da investigadora, a representación do profesor-lector que tiñan os editores, e a representación dos profesores pretendidos.

Interesante monografía, pois.

*Antón Costa Rico*

---

**PORTO UCHA, Anxo Serafín, *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936-1942)*, Ponteareas, Edicións Alén Miño, 2008, 264 páxs.**

---

Anxo Serafín Porto Ucha, profesor da Universidade de Santiago, é un dos valores máis notables da investigación histórico-educativa en Galicia. Coñecino moi a finais da década de 1970, cando os dous andabamos á procura de materiais para as nosas respectivas teses de doutoramento e coincidimos na biblioteca do Mosteiro de Poio, na do Museo de Pontevedra, tan rica en fondos hemerográficos, ou no Arquivo


Histórico Universitario de Santiago, que conserva documentos imprescindibles para reconstruír a historia do sistema escolar en Galicia.

Logo percorreríamos xuntos (acompañados de Herminio, Antón, Cid, Vicente, Carmen Benso, Carmen Pereira, Uxío, máis tarde Luis e Loli e algún que outro acompañante ocasional) unha boa parte da xeografía española e portuguesa para asistir aos Coloquios de Historia da Educación e aos Encontros Ibéricos, seguindo moitas veces itinerarios rocambolescos trazados ao chou. [Porto deixábase levar, aínda que ás veces torcía o bigote. Como aquel día que quería parar en Albacete para mercar unha navalla. Finalmente mercámola en Pobra de Sanabria, e só daquela o bigote retornou á súa posición natural.]

E descubrín unha persoa entrañable e un narrador espléndido. Os seus contos son inesquecibles. Non só polo que di, senón tamén, e sobre todo, por como o di: a súa expresión facial é tan importante como a súa ben medida e modulada palabra. Como antolóxicas son moitas das anécdotas que protagonizou con Cid, e máis adiante con Luis, o seu compañeiro definitivo de cuarto cando chegaba a noite e había que buscar pousada. [E coa noite chegaba o búfalo...]

Pero debo ocuparme aquí da súa escrita máis que da súa palabra. Unha escrita precisa e axustada ao guiñón das sucesivas investigacións que acometeu, reflectidas en publicacións como *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (Sada, Edicións do Castro, 1986), libro que coñecerá unha segunda e renovada edición (*La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*, 2005), *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)* (Santiago, Universidade de Santiago de Compostela,

1994), *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a escola Universitaria, 1849-1996* (Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2000) e *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo* (Ponteareas, Edicións Alén Miño, 2003). A estas publicacións súmanse outras moitas en libros colectivos, actas de congresos e revistas, sen irmos mais lonxe na que os lectores teñen nas súas mans.



Hoxe sorpréndenos cunha nova achega historiográfica, que promete ampliar nun futuro próximo. Trátase dun estudo sobre a represión do maxisterio pontevedrés nos primeiros anos do franquismo. Porto confesa de entrada a súa sintonía cos represaliados e as “fortes motivacións persoais” (páx. 17) para realizar este laborioso traballo. Non busca culpables, senón describir e comprender a dinámica da represión, e sobre todo dignificar a memoria dos centos

de mestres e mestras que foron humillados e sancionados, cando non asasinados.

Para levar a cabo a investigación empregou a materiais de procedencia diversa. Fontes de arquivo, como as custodiadas no Universitario de Santiago ou no Xeral da Administración (Alcalá de Henares), ás que se suman as fornecidas polas familias dos represaliados. A lexislación da época, sobre todo a que regulaba o proceso de depuración. Os boletíns oficiais do Estado e da provincia de Pontevedra, cuxo seguimento sistemático fixo posible identificar a cada un dos sancionados. Fontes iconográficas, que lle permitiron recuperar a imaxe dunha boa parte dos protagonistas desta historia. E fontes orais, que dan vida a esas vidas que alguén pretendeu converter en infames e que hoxe a historiografía quere dignificar. As fontes complementanse cunha ampla bibliografía, que se invoca coa honestidade e xenerosidade a que nos ten acostumados o autor. “Seguimos sendo fieis á afirmación documentada” (páx. 20), advirte.

O libro, que se abre cun limiar de Xosé Manuel Beiras, organízase en dúas partes, a primeira das cales se compón de tres capítulos. No primeiro faise unha breve presentación do modelo educativo republicano —con especial referencia ás Misións Pedagóxicas—, pois, como é ben sabido, o franquismo definírase por oposición aos ideais e das realizacións da II República: catolicismo fronte a laicismo, nacionalismo español excluyente e abafante fronte a un certo recoñecemento do carácter plurinacional do Estado e autarquía pedagóxica —tradición pedagóxica “netamente española”— fronte ás innovacións procedentes do estranxeiro. O segundo capítulo trata sobre o marco normativo e institucional da depuración: regulación legal do proceso e

entidades encargadas de conducilo. No terceiro faise unha presentación global dos resultados deste proceso na provincia de Pontevedra.

O 1 de setembro de 1936, o gobernador civil de Pontevedra, Ricardo Macarrón, por delegación do reitor da Universidade de Santiago, e unha vez revisados os informes emitidos polos alcaldes, publica unha resolución no Boletín Oficial da provincia separando provisoriamente das súas escolas a 336 mestres e 90 mestras, aos que se unirán 7 mestres e 5 mestras noutra resolución aparecida o día 12 deste mesmo mes. Ascendían os separados a 438, “aproximadamente unha cuarta parte do maxisterio” provincial (páx. 59). Urxía tomar medidas, pois era evidente, advertía o gobernador, que o comportamento profesional de moitos mestres, a súa falta de respecto pola moral cristiá e as súas actividades político-sociais “contribuíron con punible eficacia a fomentar o estado caótico e anárquico do país” (páx. 59). Algúns dos separados eran irrecuperables para o novo réxime, mais outros poderían volver ás escolas, unha vez que se comprobase, máis de vagar, a súa capacidade, celo e orientación ideolóxica. Xa que non había tempo para demostrar a súa culpabilidade, deberían ser eles quen puxesen de manifesto a súa inocencia. Así funcionaban daquela as cousas.

O proceso de depuración foi masivo, pois afectou a máis de 1.850 mestres e mestras, segundo cómputos provisorios de Porto, que conseguiu, coa tenacidade que o caracteriza, seguir a pista de 1.802 entre 1937 e 1942, a maior parte foron depurados en 1937 (1.082). As resolucións ditas supuxeron, sen entrarmos en moitas especificacións, a separación do servizo de 100 (5,55%), o traslado de 227 (12,59%), a inhabilitación para cargos

directivos e de confianza de 179 (9,93%) e a confirmación nos seus cargos ou destinos da maior parte dos restantes. Entre os sancionados predominaban amplamente os homes sobre as mulleres, tanto en valores absolutos como relativos. Os máis deles foran suspendidos de emprego e soldo en 1936: “Moi poucos dos sancionados en 1936 quedaron confirmados máis tarde nos seus cargos con todos os pronunciamentos favorábeis” (páx. 217).

Aos sancionados debemos engadir os fusilados e “paseados”, dos que o libro nos ofrece 27 fichas individuais, acompañadas moitas delas da correspondente fotografía, e unha colectiva e aberta: “Outros”. Son outras tantas derradeiras e tráxicas leccións do maxisterio pontevedrés.

Pero ademais das sancións e das mortes, o maxisterio republicano viuse sometido ao que Porto gusta denominar “o exilio interior”: “o cárcere, a clandestinidade política, os traslados, o silencio e o olvido, o rexeitamento dos demais, o desengano, a culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non posibilidade de acceso á escola, o exilio dos amigos, da cultura, a negación da escrita, o exilio da familia ou incluso a non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamento a que se está sometido, a desinformación, etc.” (páx. 61). Cita, entre outros, o caso de Benigno Álvarez Arias, mestre do Porriño; no expediente de depuración acusáranos de ter contactos con xentes de esquerda, coas que efectivamente adoitaba tomar café: nunca máis tomou café fóra da casa.

A segunda parte trata da represión no sur da provincia de Pontevedra, concretamente nos partidos xudiciais da Cañiza, Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo. Consta de sete capítulos; Baixo Miño, O Condado,

A Louríña, A Paradanta, Val Miñor, Terras de Redondela e arredores e Vigo.

En cada un destes capítulos realízase unha análise por concellos. Logo dunha breve caracterización do concello correspondente, con especial atención á súa dotación escolar, descríbese o alcance da represión en xeral e da depuración do maxisterio en particular. En moitos casos complementase o relato con emocionantes e emocionadas historias de vida dalgúns mestres sancionados, fusilados ou “paseados”.

Os meus parabéns, pois, para o profesor Porto Ucha por esta rigorosa, documentada e fundamental achega á historia da depuración do maxisterio, que ademais está moi ben redactada, ilustrada e editada.


*Narciso de Gabriel*

**BARREIRO RODRÍGUEZ, Herminio, *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)*, Edicións Xerais, Vigo, 2008, 240 páxs.**

*La vida no es la que uno vivió, sino la que uno recuerda y cómo la recuerda para contarla.*

*García Márquez (2002).*

Somos o que recordamos. E iso é o que tivo que facer Herminio Barreiro para escribir o seu novo libro *Recordar doe*: facer un exercicio de memoria, reconstruír a súa propia historia, en definitiva establecer un diálogo entre o seu presente e o seu pasado porque, como indica Marie-Madeline Compère: “Lo subjetivo tiene un lugar propio. Llevamos en nosotros mismos, como consecuencia de nuestra historia personal, un cierto número de experiencias, de preocupaciones y de preguntas”.



Este diálogo, seguro que con prudentes amnesias, levou a Herminio a un punto de partida: a chegada aos tres anos (outubro de 1940) á escola de Meilide, unha pequena aldea de Cerdedo, en Terra de Montes. A Herminio acompañando á súa nai destinada alí como mestra.

Esa escola e esa aldea quedaron para sempre prendidas na súa memoria con nostalxia e moita dor.

A pobreza, a fame, o frío..., o silencio dos anos da posguerra en Meilide supuxeron en Herminio un revulsivo para tomar conciencia da inxustiza e indefensión que sufría a forma de vida e a cultura do mundo agrario. Un mundo que sempre vai sentir como seu.

Coñeceu, pois, desde moi neno, a resistencia cotiá dos que nada ou moi pouco teñen e el mesmo converteuse no que aínda hoxe é: un “resistente”.

Recordar lle doe a Herminio non só pola memoria persoal, doélle por riba de todo a memoria colectiva, esa memoria dos anos 40, sen luces, tenebrosa, neboenta como o camiño que o levaba a Meilide no colo da sua nai cando tiña tres anos.

Para min a descripción dese camiño é a páxina máis fermosa do libro porque ao lela vín, sentín as súas dúbidas, os seus medos pero tamén a súa enteireza, entusiasmo e o seu amor pola natureza que, moitos anos despois, en Compostela, seguía vivo.

Aínda recordo cando, sendo eu a súa alumna, falaba do cabalo e das galiñas que, daquela, había aínda polo Campus Sur e que el vía todos os días de camiño da súa casa á Facultade. Sabíao ¿todo? sobre elas.

Recordar doe ten catro capítulos ao primeiro que leva por título a primeira escola (1940-1946, sígueno un ensino medio de guerra e posguerra (1947-1955), a experiencia normalista (1954-1957) e a ruptura universitaria (1958-1965).

Estes catro capítulos non seguen un orde lineal senón que os tempos cronolóxicos e as vivencias vanse mesturando e brincando unhas con outras penduradas do mesmo fio co que Herminio vai cons-

truíndo o tecido da súa vida como quen conta un conto a carón do lume nunha escura noite de inverno pero, iso si, sempre como unha brincadeira.

Porque o que se vislumbra con forza en *Recordar doe* é o sentido do humor do seu autor, o seu optimismo vital a pesar de tódolos tropezos cos que se foi atopando no seu camiño.

Foi precisamente o entusiasmo de Herminio, o seu apaixonamento, a súa voz o que fixo que hoxe eu sexa profesora de Historia da Educación e tamén as súas leccións sobre Fenelón, Comenio, Lutero, Rousseau, a ILE, a Escola Republicana,... e tantas outras, pero sobre todo foi el, Herminio Barreiro o que fixo que eu, e moitos outros, agardáramos o día que “tocaba” a materia de Historia da Educación para seguir escoitando as súas leccións e as súas lecturas como se fosen os contos das Mil e Unha Noite.

Nestes tempos de Boloña, competencias, guías docentes, material humano,... penso moito nel, na súa cordura e na súa “resistencia”.

Moitas grazas, Herminio.

*Sabela Rivas*